


Nas súas augas nadan dous mamíferos adaptados á vida acuática que requiren de cursos de auga ben conservados: o aguaneteiro, unha pequena toupa cun longo focinho co que levanta as pedras do fondo na procura de invertebrados e a lontra común, unha nadadora excelente que se alimenta basicamente de peixes.



Un paso polo río tamén nos permite observar a garza real que espera expectante algún peixe; ou o merlo acuíático, que desde algunha pedra se mergulla até o fondo do río para capturar pequenos invertebrados. Máis contra o inverno vista estas augas o corvo mariño grande que se alimenta de peixes que captura mergullándose, e tamén o lavanco real, moitas plantas acuáticas. Entre a folaxe das beiras húmidas vive unha xoiá da biodiversidade galega, a pintega rabliona, un pequeno anfibio de longa cola que só vive en Galiza, no norte de Portugal e en Asturias.

A forza da auga, tanto do Tambre como dos seus afluentes, aproveitábase para facer funcionar diversos muíños. Na Ponte de Breixo ou no Naseiro podemos ver os restos dalgúns muíños construídos con muros de grande espesor e potencia para soportar mellor a forza da auga do río, especialmente nas enchentes. Unha das formas máis sinxelas de cruzar o Tambre era a través dos vaos, tramos do río con pouca profundidade, como o vao de Ponte Breixo. Porén, a navegación en barca polo río, foi sen dúbida un dos medios máis empregados durante anos como ben o acreditan topónimos como Barcavella, Barco, Barqueiros ou Barca. As barcas transportaban a xente pero tamén carros con leña, herba ou toxo e todo aquilo que precisara ir dunha beira á outra do río.



Muíño en Ponte Breixo

Houbo varias barcas no Tambre e a última, a de Chaián traballou até 1972 polo que podemos dicir que foi unha das derradeiras de Galicia.



Veciñas na barca de Chaián a finais dos 60

O Tambre tamén é un río de grande importante para Santiago de Compostela por abastecer de auga potábel ao concello. As súas augas unha vez usadas e despois de depuralas, volven ao outro río, o Sar, que xa pertence á bacía do Ulla.

Neste tramo do Tambre ademais da troita e do escalo, tamén se celebra a festa do cabalino do demo que se lle dedica unha festa que se celebra capturas do escalo ao que se lle dedica unha festa que se celebra



Nas súas augas viven moitos invertebrados acuáticos. A maior parte deles son insectos como as libélulas, os cabalinos do demo ou os zapateiros, que son a base alimentaria de peixes, aves, anfibios, réptiles e mamíferos.



espigas de auga ou a herba lameira. Nas augas rápidas afloran á superficie as flores brancas das oucas. As súas beiras acollen unha pequena planta, os marteliños (*Narcissus cyclamineus*), que só vive no noroeste ibérico e da que a súa conservación en Europa é considerada prioritaria. Está incluída no Catálogo galego de especies ameazadas.

Que podemos facer para seguir conservando o río?

Durante a visita ás ribeiras do río Tambre debemos ter en conta unha serie de recomendacións para evitar causar impactos no medio:

-  Evita recoller ou cortar plantas e tamén danar ou molestar animais: podes poñer en perigo especies ameazadas.
-  Non introduzas especies exóticas, como tartarugas de acuario ou carpas vermellas, xa que causan danos no medio difíciles de recuperar.
-  Recolle o lixo que xeres e depositao nos contedores axeitados.
-  Respecta as explotacións agrícolas e non molestes o gando.
-  Evita facer ruído.
-  Non fagas lume fóra dos lugares e épocas establecidos, pois podes provocar un incendio.

Os valores ambientais do río Tambre o tramo protexido, o río Tambre discorre por unha zona relativamente chaira, con escasa pendente. Polo bosque de ribeira, en densas e ben conservadas ocasións con formacións onde dominan ameneiros, salgueiros e freixos. Estes bosques forman unha galería que serve de comunicación entre o medio acuático e o medio terrestre próximo, de elevada importancia ecolóxica.

As súas beiras acollen unha pequena planta, os marteliños (*Narcissus cyclamineus*), que só vive no noroeste ibérico e da que a súa conservación en Europa é considerada prioritaria. Está incluída no Catálogo galego de especies ameazadas.



Os valores ambientais do río Tambre o tramo protexido, o río Tambre discorre por unha zona relativamente chaira, con escasa pendente. Polo bosque de ribeira, en densas e ben conservadas ocasións con formacións onde dominan ameneiros, salgueiros e freixos. Estes bosques forman unha galería que serve de comunicación entre o medio acuático e o medio terrestre próximo, de elevada importancia ecolóxica.

O río Tambre, no tramo medio da súa bacía, conserva interesantes valores ambientais que o fixeron merecedor de ser incluído na Rede Natura 2000, unha rede europea de espazos naturais que deben ser preservados pola súa contribución á biodiversidade comunitaria, tanto de hábitats naturais como de especies de flora e de fauna. O tramo incluído na zona protexida, definído como Lugar de Interese Comunitario (LIC), discorre entre a confluencia do río Maruzo, en Frades e o río Sionlla, xa en Santiago de Compostela. Inclúe, ademais, outros afluentes como o Samo, o Lengüelle e varios pequenos tributarios destes.

O RÍO TAMBRE, UN ESPAZO NATURAL DE GRANDE IMPORTANCIA ECOLÓXICA

Achégate a coñecelo. Axuda a conservalo.

o río tambre, espazo natural protexido

Diseño e realización: P. S. Coop. Galega



ITINERARIOS POLO RÍO TAMBRE

ITINERARIO I: A Barciela - Área Recreativa de Chaián

Distancia: 13,5 km (ida)

Duración: 4 h 30 min (ida)

Dificultade: media

Accesibilidade: non todos os tramos son accesíbeis para as persoas con mobilidade reducida. É un itinerario recomendado para facer en bicicleta.

Características: discorre por pistas e estradas locais con escaso tránsito de coches e ten pouco desnivel. Permite achegarse ao Tambre máis afastado do mundo urbano, onde se combina o patrimonio natural co mundo rural.

Descrición: o itinerario parte das proximidades de Sigüeiro, nun cruzamento á dereita da N-550, a uns 100 m da ponte do Tambre en dirección a Santiago de Compostela. Enseguida o asfalto se converte nunha pista que discorre pola chaira de inundación do río -que nesta beira está respectada- até as proximidades da aldea do Valado. Antes de entrar neste lugar, collemos o camiño da dereita, que despois de pasar baixo a autoestrada leva ás proximidades do Tambre, preto da Insua Martiñeira. Este espazo ten un gran valor ambiental, xa que as insuas son lugares de refuxio, descanso e cría para moitos seres vivos.

Continúa o itinerario pola Ribeira dos Mallos cunha pista asfaltada. Nos Mallos, seguimos a pista que parte á dereita e chegamos, despois de pasar baixo a vía do AVE, ao lugar onde o Tambre recibe as augas do Lengüelle, a carón da ponte da antiga vía do tren. Este río que baña as terras de Tordoia, Ordes, Trazo e Oroso é o principal afluente do Tambre e tamén forma parte do mesmo espazo natural protexido. Desde aquí, a pista conduce ao Naseiro, onde podemos achegarnos ao río e ver unha mostra da arquitectura popular: un impresionante muíño de dúas pedras muiñeiras e de fortes muros, precisos para soportar as enchentes. Como os muíños dos grandes ríos, carecía de cubo para almacenar a auga. A levada ou canle de desvío chega até o medio do curso, de onde parte outra para a

acea xemelga da outra beira.

Continuamos até Castro e desde aquí tomamos á dereita a pista que leva a Barcavella e que pasa pola Ponte de Breixo, onde hai outro muíño e un vao que servía para cruzar o río nas épocas con menos auga. No contorno de Barcavella, como ben indica o topónimo, funcionaba unha embarcación coñecida como barca de Busto, que xa aparece recollida en 1845 na *Carta xeográfica de Galicia* de D. Domingo Fontán.

A pista segue o curso do Tambre e, neste treito, que vai algo máis elevado sobre o río, dominan castiñeiros e carballos entre algunha plantación de piñeiros. Despois de rodear o Petón do Busto, entra en terras de Trazo e volve a terras compostelás na Valiña, entre prados e campos de cultivo. Continúa a ruta até o lugar de Neiro de Abaixo. Unha vez nesta aldea, tomamos unha pista que parte en dirección sueste e que vai desembocar nunha estrada local. Seguimos por ela até o primeiro cruzamento asfaltado á dereita, que pasa pola aldea de Insuas. Un pouco máis adiante cruza o río Sionlla, que nace en terras de Compostela e que neste lugar lle entrega as súas augas ao Tambre. Este río forma parte do mesmo espazo natural da Rede Natura, o LIC do río Tambre, que atesoura importantes valores naturais.

Continuamos o percorrido sen collermos desvío ningún até chegar ao punto final, a área recreativa de Chaián, onde estivo activa até o ano 1972 a última barca de pasaxe que funcionou en Galiza.

Esta área perfectamente acondicionada, onde se pode descansar en pleno contacto coa natureza, conta tamén con paneis informativos sobre os valores ambientais e patrimoniais do Tambre.

O camiño de regreso pódese reducir indo até Verdía e desde aquí, pola estrada, a Nemenzo de Arriba e despois aos Mallos, onde xa se pode coller a pista de terra que leva até a N-550.

ITINERARIO II: A Barciela - Área Recreativa O Refuxio

Distancia: 4 km (ida e volta)

Duración: 1h.00

Dificultade: baixa

Accesibilidade: é accesíbel para as persoas con mobilidade reducida. É un itinerario para facer a pé.

Características: a maior parte do itinerario discorre por camiño de terra, paralelo ao río e con pouca pendente.

Descrición: na N-550, pouco antes de entrar no núcleo de Sigüeiro e xusto antes de pasar a ponte sobre o Tambre, en dirección á Coruña, hai que coller á dereita a pista asfaltada que leva até A Barciela. Camiñamos cara ao río e tomamos sempre os cruzamentos á esquerda. Despois dunha baixada, nunha curva comeza o camiño de terra que leva ao Refuxio, a carón dun panel informativo. Neste punto, o río dos Muíños, que baixa desde o monte do Castro, achégalle as súas augas ao Tambre.

O camiño -unha pista sen asfaltar- discorre case paralelo á beira do río Tambre, protexido polo bosque de ribeira onde dominan os ameneiros, acompañados de freixos, salgueiros e abeleiras. É fácil que vexamos a garza real ou o corvo mariño grande, sobre todo no inverno.

Á dereita esténdese un mosaico de campos de cultivos e pradarias que alterna con sebes e bosquetes e chega até as aldeas do pé do monte. Por cima delas, é precisamente o monte o que domina na paisaxe.

Continuamos augas arriba sempre tras o curso do río até a área recreativa do Refuxio, que está situada nunha pequena insua, onde os carballos proporcionan unha boa sombra para descansar e un excelente abeiro, así como alimento para moitos seres vivos. Ademais de mesas e grellas, hai uns paneis informativos sobre os importantes valores ambientais deste espazo natural.

Desde aquí podemos prolongar a ruta se seguimos río arriba até o lugar da Igrexa ou ben regresarmos ao punto de inicio.

